

The background of the page features a series of overlapping, flowing, and translucent blue and white lines that create a sense of movement and depth. These lines are set against a light, neutral background, giving the overall design a clean, modern, and dynamic feel.

**PROXECTO
EDUCATIVO DE
CENTRO**

ÍNDICE

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO	1
1. DATOS DO CENTRO	1
2. HISTORIA DO CENTRO	2
3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO	4
4. TIPOS DE FAMILIAS	6
5. ALUMNADO	6
5.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
5.2. CONVIVENCIA	7
6. PROFESORADO	8
7. PERSOAL NON DOCENTE	8
9. ÓRGANOS DE GOBERNO	10
10. VALORES E PRINCIPIOS	10
11. LIÑAS MESTRAS DE ACTUACIÓN	10
12. OBXECTIVOS PRIORITARIOS E MEDIDAS	12
13. CARACTERÍSTICAS SINGULARES	13
14. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN	14
15. HORARIO	15
16. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: TRANSPORTE.	15

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1. DATOS DO CENTRO

- a. Nome: IES REGO DE TRABE
- b. Localización: Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
- c. Comunicación:
 - Teléfono: 881 960 801
 - correo electrónico: ies.regodetrabe@edu.xunta.gal
 - sitio web: www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe
- d. Etapas educativas:
 - ESO
 - Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais
 - ESA (módulos 3 e 4)
- e. Programas educativos a desenvolver:
 - Contratos programa (CP Innova e CP Inclúe)
 - Proxecto E-Dixgal, en 1º e 2º de ESO
 - Programas de innovación educativa:
 - Polos Creativos.
 - Club de ciencia.
 - Plans Proxecta:
 - Paisaxe e sustentabilidade.
 - Proxectos de vida activa e deportiva.

- Fotografía en curso.
- Proxecto salvavidas.
- Bibliotecas escolares:
 - PLAMBE
 - Club de Lectura
 - Club de Lectura para as personas adultas
 - Programa de voluntariado para a biblioteca escolar.
- Sección Bilingüe: Cultura Científica en 1º de Bacharelato

2. HISTORIA DO CENTRO

O IES Rego de Trabe de Culleredo foi creado no ano 2015¹. Xurdiu por desagregación do o IES Blanco Amor desta localidade, para atender ás necesidades de escolarización previstas para a zona e ás que non podía facer fronte este último instituto –único centro do concello en que se impartía Educación Secundaria Obrigatoria- por encontrarse sobreocupado.

O centro naceu co nome de IES Culleredo, e tras a autorización da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (*Orde* do 14 xuño de 2016 publicada *DOG* 12 xullo 2016) pasou a denominarse IES Rego de Trabe, a denominación que obtivo máis votos na consulta que se fixo entre alumnado e persoal do centro.

O edificio do IES Rego de Trabe está situado no recinto do Parque de Acea da Ama e foi estreado en xaneiro de 2016. Aínda que en obra se fixeron algún cambios por razóns construtivas, no fundamental respectouse case totalmente o proxecto do edificio, elaborado por arquitectos do estudio **Naos**.

Os arquitectos que firman son Paula Costoya Carro, Mónica Fernández Garrido, Santiago González García e Miguel Porras Gestido.

¹ Vid. *DECRETO 50/2015, de 26 de marzo, polo que se crea un instituto de educación secundaria no municipio de Culleredo*
Vid. *ORDEN de 29 de xuño de 2015 pola que se autoriza a posta en funcionamento do instituto de educación secundaria de Culleredo, no municipio de Culleredo, provincia de A Coruña.*

Tras cambios na política educativa do concello ao longo do 2020, a Universidade Laboral pasou a ser un centro exclusivamente de formación profesional, polo que o IES Rego de Trabe tivo que absorber as etapas de Bacharelato e ESA que ata entón se impartiran nese centro. Con isto, en setembro de 2020, foi agregado un edificio anteriormente xestionado polo IES Universidade Laboral, que foi asignado, en primeira instancia, para dar cabida ao alumnado de Bacharelato e da ESA. Incrementouse así o persoal de técnico administrativo e persoal docente, pero non así o persoal subalterno.

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

a. SOCIOECONÓMICAS

O IES Rego de Trabe atópase en Culleredo, concello situado na bisbarra da comarca das Mariñas, na provincia de A Coruña, que abrangue as parroquias de Almeiras, Celas de Peiro, Culleredo, Ledoño, Orro, Rutis, Sésamo, Sueiro, Veiga e O Burgo.

O concello de Culleredo ten unha poboación de 29.638 habitantes².

Pertence á área metropolitana de A Coruña. É un concello fortemente influido pola súa proximidade a esta cidade o que provoca que as parroquias limítrofes con ela (Rutis –onde está localizado o IES Rego de Trabe-, O Burgo) estean moi urbanizadas, aportando o maior número de habitantes ao total da poboación municipal.

Estas parroquias están na súa maior parte habitadas por xente nova que desenvolve as súas actividades profesionais na cidade ou nos polígonos industriais das aforas.

Sen embargo, as outras parroquias (Almeiras, Culleredo) son semirrurais e a poboación está integrada por personas de maior idade que, en moitos máis casos, está adicada ao sector primario. É dicir, a agricultura e gandería tamén teñen a súa importancia, sobre todo no interior do municipio.

² Segundo os datos de 2016 do Instituto Nacional de Estatística.

Tamén é importante a presenza no concello de segundas residencias de cidadáns de A Coruña así como de servizos básicos para a área (aeroporto, augas).

No que se refire ao relevo, o terreo vaise elevando progresivamente desde a Ría do Burgo e o Val da Veiga, ata o interior, acadando as alturas máximas no Monte Xalo (542m) e Brégua (340m). Así, a maior parte do concello é de val e ribeira, aínda que ten pequenas zonas montañosas nos montes Xalo e Zapateira.

Os dous ríos máis salientables que regan o concello, o Trabe –que dá nome ao noso centro- e o Valiñas, desembocan na Ría do Burgo.

O concello de Culleredo creouse a principios do século XIX, aínda que hai noticias de O Burgo desde a Idade Media, polo traslado do enclave romano do Faro da Torre de Hércules e a Pescadería na baía coruñesa ao lugar máis seguro da entrada da ría, no século X.

Desde mediados do S. XX, os concellos de Culleredo, Arteixo e Oleiros, conformaron a área de expansión metropolitana da cidade de A Coruña, e o desenvolvemento de industrias e servizos, fixo que a zona do Burgo, pola súa situación xeográfica e de comunicacións, fora unha área residencial natural para moita xente nova que viña de fóra e da propia cidade da Coruña, expulsada polos elevados prezos da vivenda.

b. LINGÜÍSTICAS:

Está configurado por:

1. Arredor do 95% ten o castelán como lingua de uso habitual nas súas relacións espontáneas no instituto, aínda que empreguen o galego nas interaccións académicas das materias nas que é necesario. Deses porcentaxes, unha pequena parte pode ter o galego como lingua de uso familiar, mais o castelán como lingua de relación cos compañeiros e coas compañeiras.
2. Menos do 5% ten o galego como lingua de uso maioritario nas súas relacións espontáneas no instituto.

3. Arredor do 5% non ten competencia en lingua galega, por ter procedencia fóra de Galicia e levar aínda pouco tempo na nosa comunidade.
4. No caso do Bacharelato, hai unha pequena porcentaxe de alumnado procedente de zonas rurais que vive na residencia da Universidade Laboral, que estuda no noso IES e que ten o galego como lingua de uso maioritario.
5. Un 5% de alumnado inmigrante, procedente de países latinoamericanos, principalmente de Venezuela, que teñen o castelán como lingua materna e que carecen de competencia de lingua galega, polo que teñen exención desta materia. Nos últimos anos recibimos tamén alumnado de países europeos que non dominan o castelán, polo que reciben principalmente unha formación que lles permita adquirir unha competencia básica nesta lingua.

4. TIPOS DE FAMILIAS

A maioría de familias responden ás seguintes características

- a. Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.
- b. Un número cada vez maior de familias monoparentais como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.

Hai unha Asociación de Nais e Pais do Alumnado formalmente constituída (ANPA “Áncora”).

5. ALUMNADO

Os centros de Educación Primaria adscritos ao IES Rego de Trabe no momento en que se redacta este documento, son o CEIP Isaac Díaz Pardo, o CEIP Sofía Casanova e o novo CEIP Vila de Rutis,

aínda que nos grupos hai ocasionalmente alumnado procedente doutros colexios non adscritos ou incluso que residen noutros concellos.

5.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As características do alumnado con necesidade específica de apoio educativo é diversa. Nos últimos anos percíbese un incremento notable de alumnado que presenta Déficit de Atención con/sen Hiperactividade, para o que o Departamento de Orientación diseña medidas de atención á diversidade ordinarias combinadas con extraordinarias, que condicionan en grande medida as medidas organizativas do centro.

Segundo as necesidade que se detectan, e se hai recursos de profesorado, establecemos medidas como as que seguen:

- a. Agrupamentos flexibles en 1º e 2º de ESO en materias instrumentais.
- b. Organización de desdobres para o laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, de taller de Tecnoloxía e Dixitalización, de laboratorio de Física e Química e de linguas estranxeiras, en grupos de máis de vinte alumnos e alumnas.
- c. Elaboración de axendas persoais, adaptadas segundo o horario do grupo do alumno ou da alumna.
- d. Potenciación da titoría individual do alumnado para facilitar a súa integración no grupo.
- e. Fomento da relación coas familias para conseguir compromisos delas en relación coa convivencia, coa formación e co rendemento do alumnado.

5.2. CONVIVENCIA

En aras de un bo clima de convivencia poñemos en marcha das diferentes medidas de atención á diversidade que contribúen a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado, de medidas de prevención de conflitos desenvolvidas dende as titorías baixo a coordinación do Departamento de Orientación, da comunicación fluída coas familias,...

Aínda así, seguimos sen solucionar problemas intimamente relacionados cos resultados académicos obtidos polo alumnado, coma o absentismo previo a exames en bacharelato, para o que a colaboración das familias sería altamente beneficioso.

Outra loita que temos aberta é contra a impuntualidade, para o que levamos control diario que requie unha educación en hábitos.

Resulta imprescindible desenvolver protocolos de emprego do móbil, destacando o seu uso como ferramenta didáctica, concienciando ao alumnado da importancia do uso racional.

Traballar a importancia do valor da propiedade privada, co fin de eliminar as subtraccións de obxectos persoais. Tras a pandemia retomamos a norma de pechar as portas das aulas conchave durante os períodos de lecer, a fin de evitar que o alumnado acceda a elas.

Por outra banda, contamos coa implicación do Departamento de Orientación como mediador na resolución de conflitos.

6. PROFESORADO

No momento de redactar este documento, o número de profesores que integran o Claustro é de cincuenta e nove con horario completo, un a media xornada, dous especialistas de Pedagogía Terapéutica (un deles a media xornada) e máis dous profesores de Relixión (católica e evanxélica) que son itinerantes.

Departamentos:

Artes Plásticas	Inglés	Matemáticas
Bioloxía e Xeoloxía	Portugués	Música
Educación Física	Latín	Tecnoloxía
Física e Química	Lingua Castelá	Xeografía e Historia
Francés	Lingua Galega	Filosofía

Economía	Relixión	Orientación
----------	----------	-------------

7. PERSOAL NON DOCENTE

Formado por nove membros: dúas persoas para servicios de auxiliar administrativa, dous conserxes, un equipo de limpeza formado por catro persoas e dúas persoas do corpo de persoal de apoio coidadeo, un deles a media xornada.

8. DEPENDENCIAS

Distribuídas en dous edificios: o edificio principal e As Mariñas. Ambos están adaptados, de maneira que non existen barreiras arquitectónicas que puidesen perxudicar o acceso a persoas con mobilidade reducida.

No edificio principal é onde se levan a cabo as tarefas de Administración e Servicios. É alí onde se imparten todos os niveis da ESO, agás algunha materia optativa que, por mor da dispoñibilidade de aulas específicas, se desenvolve no edificio das Mariñas. No momento en que se redacta este documento, tamén se aloxa neste edificio un grupo de 1º de Bacharelato, por causas derivadas da organización dos recursos humanos con que contamos.

Nas Mariñas impártese o Bacharelato (agás, no momento en que se aproba este documento, un grupo de 1º) e a ESA.

- a) EDIFICIO PRINCIPAL, onde dispoñemos de aulas ordinarias, aulas de desdobres, unha aula que en algúns recreos se emprega como ludoteca e en sesións lectivas como aula de Pedagogía Terapéutica, unha aula de informática, unha aula de tecnoloxía, un laboratorio de bioloxía e xeoloxía, un laboratorio de química (no momento en que se redacta este documento adícase a

desdobres de outras materias, por necesidades de espazos), unha aula de música, unha aula de plástica, Aula de Pedagogía terapéutica (adícase a ludoteca en períodos de lecer), unha biblioteca, unha sala para o profesorado, oito despachos para os departamentos, un despacho para a ANPA, unha sala de titorías, unha aula de convivencia, cinco despachos para membros de dirección, unha oficina para Administración e Servicios, unha conserxería, un ximnasio co seu almacén e os seus vestiarios, unha pista exterior cuberta, e outras dependencias como aseos, cuarto de limpeza, cuartos para o RAC, para as caldeiras, almacéns, unha cafetería, e outros espazos sen acondicionar.

Este recinto está pechado en todo o seu perímetro e conta con tres accesos: un para vehículos para carga e descarga –na zona da cafetería- e dous para peóns, un deles adaptado para persoas con mobilidade reducida.

b) EDIFICIO DAS MARIÑAS, onde dispoñemos de aulas ordinarias, aulas de desdobres, unha aula de informática, unha aula de tecnoloxía, un laboratorio de ciencias, unha aula de debuxo técnico, unha biblioteca, unha sala para o profesorado, e outras dependencias como aseos e cuarto de limpeza.

9. ÓRGANOS DE GOBERNO

·Colexiados: Consello Escolar e Claustro de profesores.

·Unipersoais: Dirección, Vicedirección, Xefatura de Estudos, Xefatura de Estudos das persoas adultas e Secretaría.

10. VALORES E PRINCIPIOS

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios fundamentais, como son:

- a. A Tolerancia
- b. A Solidariedade

- c. A Convivencia e a xestión pacífica dos conflitos
- d. O respecto a diversidade apostando pola pluralidade lingüística, sexual, relixiosa e cultural dos distintos pobos.
- e. A igualdade de sexos.
- f. Conciencia medioambiental.
- g. A inclusión.

11. LIÑAS MESTRAS DE ACTUACIÓN

- IES REGO DE TRABE procurará un ensino público de calidade, independente de intereses privados, pluralista, tolerante, promotor da lingua galega, esixente coa igualdade de sexo e coa integración social, e promotor da interdisciplinabilidade e da multiculturalidade.
- A xestión farase de maneira participativa, baseándose no pluralismo e nos valores democráticos de convivencia.
- As relacións entre os diversos grupos da comunidade escolar estarán presididas polo diálogo, a tolerancia coas ideas e os puntos de vista alleos e a disciplina, cumprindo as Normas de Organización e de Funcionamento (NOF) e o *Plan de convivencia*.
- A acción educativa estará centrada na liberdade e no respecto aos demais, na solidariedade, na cooperación, no diálogo e no afán de superación, rexeitando calquera comportamento discriminatorio ou agresivo.
- IES Rego de Trabe pretende ser un lugar libre de acoso escolar.
- En concordancia co artigo 19, punto 4 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o centro declárase libre de móbiles. O uso do teléfono móbil so estará permitido ao alumnado cando un profesor o demande expresamente con fins pedagóxicos. Neses casos, mandarase ás familias unha comunicación para informalas de que nalgunha data determinada será preciso traer o teléfono ao centro ou a algunha saída extraescolar.

- En canto a relación entre sexos, o Instituto fomentará a coeducación, é dicir, convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación da diferenciación de roles entre o home e a muller.
- O IES Rego de Trabe fomentará a integración do colectivo LGTBI, con medidas como a creazón de aseos neutros.
- IES Rego de Trabe declárase un espazo libre de violencia machista.
- Buscarase que a actividade educativa do instituto sexa, na medida do posible, interdisciplinar -fomentando a colaboración entre os distintos departamentos á hora de planificar actividades ou promover proxectos- e multicultural.
- IES Rego de Trabe fomentará o uso do galego como lingua administrativa e de aprendizaxe, respectando o dereito a utilizar a outra lingua cooficial da comunidade, o castelán, sempre dentro do establecido polo *Decreto de plurilingüismo*, tendo en conta que a presenza de poboación inmigrante ás veces pode implicar tomar medidas que faciliten a adaptación.
- O IES Rego de Trabe procurará a concienciación e sensibilización da comunidade escolar no que se refire ao coidado e sostibilidade do medio ambiente.
- O IES Rego de Trabe promoverá a adquisición de hábitos saudables, no que se refire á hixiene e á alimentación.

12. OBXECTIVOS PRIORITARIOS E MEDIDAS

1. Favorecer a convivencia deseñando unha serie de medidas:
 - a. De sensibilización
 - b. Preventivas
 - c. Organizativas
 - d. Curriculares

2. Dar resposta á diversidade existente establecendo todas as medidas necesarias para atender á toda a poboación escolar (Programas específicos para recuperación de materias pendentes, programas de reforzo das competencias básicas...)
3. Establecer titorías específicas para colectivos e/ou individuos que presenten especiais dificultades de integración no centro e deseñar un plan de colaboración coas familias.
4. Incluír na organización do centro un plan de potenciación das linguas estranxeiras.
5. Incluír na organización do centro un plan para o fomento da lectura.
6. Internacionalización do centro.
7. Continuidade da horta escolar.
8. Continuidade do club de ciencia.
9. Continuidade do club de lectura.
10. Continuidade do club de lectura para persoas adultas.
11. Desenvolvemento do programa de Polos Creativos.

13. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

- a. Oferta
 - ESO (inclúe grupo de PMAR e outro de PDC)
 - Bacharelato
 - ESA

(vid. *Concreción Curricular e Oferta curricular de centro*).

- b. Especialización curricular
 - Atención á diversidade (vid. *Plan de Atención á Diversidade*)

- Fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras (horario de laboratorio de idiomas en todos os grupos e niveis nos que a ratio supera os vinte alumnos e alumnas e desdobres, sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado o permite).
 - Plan de fomento da lectura. Funcionamento da “Hora de ler” (vinte minutos diarios de lectura en todos os grupos e niveis da ESO).
- c. Organización
- GRUPOS: procúrase formar grupos homoxéneos (reparto equitativo de mulleres e homes, igual número de repetidores por aula...) sempre e cando a elección de materias optativas e a dispoñibilidade horaria do profesorado o permitan.
 - A distribución dos grupos nas aulas segue un criterio funcional.
 - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: peza fundamental do centro, tratan de afondar na boa convivencia e servir para a ampliación de coñecementos.
 - Promoción da actividade nos recreos: actividade deportiva, ludoteca, biblioteca e horta escolar.

14. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

- O centro participa nas sucesivas convocatorias para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tamén colabora en diferentes estudos de fin de grao e máster que organizan as universidades, previa petición e xustificación pola facultade responsable.
- O alumnado de Bacharelato visita, baixo a coordinación do Departamento de Orientación, as distintas universidades co fin de organizar a toma de decisións cara ao futuro.
- O centro participa nas diferentes convocatorias de formación do Centro de Formación e Recursos.

- Colabora co CITIC e ASPACE a través do programa Talentos Inclusivos, mediante o que alumnado de Tecnoloxía, coa súa orientación da profesora da materia, diseña e fabrica un obxecto tecnolóxico demandado polas persoas usuarias de ASPACE a fin de mellorar algún aspecto da súa calidade de vida.
- Colabora cos Museos Científicos Coruñeses a través do programa Open Schooling.
- Mantén así mesmo unha relación fluída de colaboración coas seguintes organismos e institucións:
 - a. Co concello co que colabora no que se refire á organización de actividades de formación (vén persoal para facer sesións de tutoría ao alumnado) e eventos deportivos e culturais.
 - b. Coa Asociación de Nais e Pais de Alumnado “Áncora” coa que se organizan conxuntamente actividades.
 - c. Cos colexios de Educación Primaria que están adscritos ao centro. Existe unha colaboración que coordinan os departamentos de orientación dos diversos centros.
 - d. Co complexo deportivo veciño DOS, de Acea de Ama, que cede as súas instalacións para que parte do noso alumnado complete a súa formación física e deportiva mediante a práctica da natación, dentro do horario da materia de Educación Física e en compañía dos seus docentes.
 - e. Coas asociacións como ANHIDA, COGAMI, DISCAMINO.
 - f. Coa Garda civil, que ao abeiro do *Plan director*, intervén no centro co alumnado e coas familias para tratar asuntos de candente actualidade (redes sociais, drogas, alcol...)

15. HORARIO

- De clase:
 - De luns a venres: de 8.30 a 14.00 horas, hai seis sesións de clase de 50 minutos, con un recreo de trinta minutos, de 11.00 a 11.30 horas.
 - A tarde dos luns: de 16.20 a 18.00 horas, nas que hai dúas sesións lectivas de cincuenta minutos cada unha.

- Cunha periodicidade quincenal, reúnen-se os luns entre a xornada de mañá e a da tarde os ,membros dos clubs de ciencia e de lectura.
- Das actividades extraescolares e complementarias:

Hai actividades complementarias dentro do horario lectivo do centro e outras poden exceder a xornada lectiva, e incluído durar varios días (viaxes de estudos).

- Das actividades administrativas: O persoal de Administración e Servizos prestará atención ao público de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas.

16. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: TRANSPORTE.

Dende outubro de 2022 o IES Rego de Trabe presta o servizo de transporte de acordo coas Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a xestión do servizo de transporte escolar: “Serán usuarios lexítimos do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios. Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida.”

Para dar este servizo o IES Rego de Trabe, no momento da redacción deste documento, comparte un autobús co IES Eduardo Blanco Amor.

O alumnado é acompañado dende e ata a parada, nas inmediacións do recinto escolar, por persoal do Centro.